

MATERNIDADE ENCARCERADA: O EXERCICIO DE MATERNIDADE EN PRISIÓN.

...en la unidad externa de madres de Palma de Mallorca permanecen únicamente dos presas con sus hijos; en la de Sevilla, otras dos, y en la de Madrid, cuatro.

Prisiones admite que el número de presas en estas unidades externas podía ser incluso menor, pero la falta de arraigo de algunas de ellas o la ausencia de una vivienda donde pudieran alojarse para seguir cumpliendo sus penas han aconsejado mantenerlas junto a los menores en estos recintos mientras duren las medidas de confinamiento.

(El País, 7/05/2020¹)

Yolanda Ferreiro Novo.

Abogada

Este titular, mais aló do contido da noticia que segue, é indicativo do descoñecemento pola sociedade da situación das nosas cadeas. A mediados do ano 2020, comezada a epidemia de COVID, moitas voces pediron a excarceración das persoas presas para garantir a súa seguridade, a propia ONU pediu a excarceración de persoas vulnerables para garantir a súa saúde. Aínda así, 69 nenos estiveron presos cas súas nais nas cadeas españolas alleos as medidas de seguridade e sanidades impostas e facilitadas o resto da poboación. Non era un risco ficticio, para mostra a propia noticia:

Desde el inicio de la pandemia y hasta el pasado martes, Instituciones Penitenciarias ha confirmado la infección por el coronavirus de 254 trabajadores y 56 internos. Sin embargo, no ha habido ningún caso de reclusa que conviva con sus hijos. No obstante, el primer positivo de un trabajador fue el de una técnico del jardín de infancia de la cárcel de Aranjuez que cuidaba a los niños de

¹ [Crisis coronavirus: los últimos 69 niños en las cárceles españolas](#)

las presas. Entonces, Prisiones aisló el módulo de madres entero y, al menos, una presa y dos menores que habían estado en contacto con esta empleada y presentaron un cuadro de fiebre fueron sometidos a un estrecho control médico.

Se para o resto da poboación a única seguridade era manter o illamento social, si o acontecido nas residencias de anciáns abría todos os telexornais, o que acontecía nas cadeas, nas que todos os días persoas entraban e saían e para os presos e presas, persoas maiormente enfermas, era imposible manter a distancia social xa non entre eles, senon cos funcionarios que os custodian, non foi suficiente para atender as recomendacións internacionais, e 69 nenos ficaban cas súas nais en cadeas por carecer doutro lugar mellor onde ir.

Para aproximarnos a realidade das mulleres presas nais e as dos seus fillos, é preciso comezar por coñecer os datos desa realidade.

Só existen 3 centros penitenciarios exclusivamente femininos – Alcalá de Guadaíra, Madrid I e Avila- e as 3 unidades de nais dependentes da Administración Xeral do Estado. O resto de mulleres que cumpre pena de prisión o fan en centros penitenciarías mixtos. As infraestruturas específicas son:

- Unidades dependentes, pequenos fogares para internas en réxime de semiliberdade, para mulleres presas nais clasificadas en terceiro grado ou en segundo grado con réxime de flexibilidade, previa autorización polo Centro Directivo a proposta da Xunta de Tratamento. Na maioría dos casos esta proposición funciona a modo de “premio Vs castigo”.
- Unidades de nais, módulos específicos no interior dos centros penitenciarios, pero separados arquitectonicamente do resto.
- Modulo familiar, onde compartir a crianza dos menores cos membros da parella cando ambos se atopan en prisión. No territorio de competencia estatal penitenciaria só existe un módulo familiar.

En Galicia, que lidera as cadeas con módulos mixtos, no ano 2011 pechouse a derradeira unidade de nais na cadea de Teixeiro (A Coruña), dende entón, non existe en todo o territorio galego a posibilidade para as nais presas de convivir cos seus fillos o tempo de extinguir a condena de privación de liberdade.

LEXISLACIÓN E MATERNIDADE EN PRISIÓN.

Hai un dato relevante para aproximarnos a maternidade en prisión: a lexislación penitenciaria española só se ocupa da maternidade da mulleres privadas de liberdade como feito principal diferencial entre xéneros.

A maternidade das mulleres presas, é un dos poucos exemplos onde o Dereito atrevese a legislar sobre aspectos do exercicio da maternidade en xeral, normalmente considera que son aspectos que pertencen a esfera íntima da persoa, e que polo tanto, o Dereito non debe estar, para garantir a non inxerencia dos poderes públicos no ámbito privado das persoas.

O tratamento penitenciario da maternidade é uno dos poucos elementos incluídos na lexislación que conceden un tratamento específico as presas pola súa condición de muller. Aínda hoxe, cas tímidas reformas nese sentido, a capacidade de ser nais das mulleres -as veces a soa simple capacidade biolóxica de enxendrar e parir unha nova vida humana- parece ser a única especificidade de xénero digna de ter en conta.

Ante ata o de agora inevitable existencia de nenas e nenos menores de idade convivindo cas súas nais en prisión, os lexisladores, a administración penitenciaria, o poder xudicial e os poderes públicos en xeral, víronse obrigados a enfrontarse a cal debe ser o tratamento legal a esta maternidade “atípica”. As solucións non son doadas, ou non queren ser doadas, principalmente porque a maternidade das nais presas non deixa de ser un fenómeno “colateral” e secundario a única preocupación dos poderes públicos implicados: o delito, o cumprimento da pena privativa de liberdade, a función rehabilitadora/reintegradora (da que tanto se pode falar, mellor dito, falar da súa inexistencia pola propia esencia da institución), a orde e seguridade nas cadeas.

No debate sobre a oportunidade ou non de que as fillas e fillos permanezan en prisión cas súas nais, entrase a xulgar a idoneidade destas mulleres como nais, confundindo o delito polo que estas mulleres están cumprindo condena ca súa capacidade e competencias para ser “boas” nais. Considerase lexitima a intervención do Estado e do Dereito en cuestións de ámbito privado e familiar que non se permiten con persoas da sociedade fora dun centro penitenciario.

No ano 1979 prodúcese unha reforma penitenciaria que culminou ca aprobación da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria; nesa Lei e no Regulamento de desenrolo da mesma, establecíase a idade máxima de estancia das nenas e nenos cas súas nais nos centros penitenciarios, na idade de escolarización obrigatoria os 6 anos. Este limite foi modificado no ano 1995, reducindo este límite de idade os 3 anos.

Pouco se ten falado da case nula existencia de regulación da vida en prisión das mulleres nais e os seus fillos, ou incluso, da inexistencia da posibilidade de que sexan os pais quen convivan cos seus fillos, ou incluso, da custodia compartida por ámbolos dous proxenitores. Quizais unha explicación sexa que os lexisladores son homes que teñan en conta o suxeito varón e que abordan a maternidade como un feito biolóxico inherente a condición feminina.

Como dicimos, desde o ano 1995, establecece a posibilidade de que as nais teñan as súas fillas e fillos ata a idade de tres anos, tanto no suposto que no momento do ingreso nai e filla ou fillo estiveran xuntas, como se a nai reclama desde prisión ás súas fillas ou os seus fillos. Os requisitos impostos reflexan que esta é unha situación non desexada polo lexislador e tratase dunha solución de *última ratio*, só nos extremos que non existan alternativas mellores. Pois falase do interese supremo do menor en casos de conflito entre os seus dereitos e os da súa nai, pero o certo é que a muller presa non ten ningún dereito por ser nai, as mulleres presas e o resto de mulleres no noso ordenamento xurídico non teñen recoñecida a titularidade de ningún dereito parecido o dereito a ser nai ou o dereito a maternidade.

Esta despreocupación sobre a situación da maternidade na cadea alonga a verdadeira solución, que non é outra que o excarceramento das nais e dos fillos e fillas para cumprir condena no exterior e a suspensión e substitución da pena de prisión por outra pena que non supoña a privación de liberdade da muller e dos seus fillos. E así non acontecería que 69 nenos e nenas tiveran que vivir na cadea porque tanto eles como as súas nais non teñen outro lugar onde ir. Por iso sorprende que no primeiro traballo realizado pola Secretaria Xeral de Institucións Penitenciarias, “La situación de la mujer privada de libertad en la Institución Penitenciaria”, presentado en febreiro deste ano 2021, non exista referencia algunha a maternidade e o seu exercicio no interior das cadeas. ²

O IDEAL DE NAI.

Cando as mulleres encarceradas verbalizan o seu ideal de nai, este modelo responde ó rol tradicional e estereotipado de nai como coidadora por excelencia, xeralmente cas características de muller abicada por completo as tarefas domésticas e o coidado dos seus. Sorprende esta percepción cando moitas veces

² [La situación de la mujer privada de libertad en la Institución Penitenciaria](#)

tratase de mulleres que nas súas traxectorias vitais caracterizáronse por estar moi lonxe deste ideal de muller.

Os axentes implicados na vida penitenciaria e post-penitenciaria da nais presas rara vez fan alusión a condición de nais destas mulleres. Aínda que despois nos detalles do tratamento penitenciario de mulleres que teñen os seus fillos con elas na cadea, e con presas nais con fillos fora, a súa condición de nais e o seu bo e mal exercicio da maternidade tense moi en conta por estes axentes. Ademais, as mulleres interiorizan claramente a idea que para falar de rehabilitación e reinserción, para voltar a ser “boas mulleres”, deben ser boas nais, e recuperar a súa función maternal, as súas responsabilidades como nais.

É importante resaltar un dos elementos que inflúen na creación do rol de nai, a etnia. Mais cando as mulleres xitanas están sobre representadas dentro da poboación penitenciaria, calculase que o 25% das mulleres presas nas cadeas españolas con xitanas, mentres que a poboación xitana tan só representa o 1,4% da poboación en xeral. No caso das mulleres xitanas, as responsabilidades familiares adquirense a unha idade moi cedo, primeiro ca familia de orixe e moi cedo, co seu marido e fillos. A identidade de xénero na muller xitana adquirense basicamente a través do seu rol dentro da familia e neste contexto, o matrimonio e a maternidade son pasos claves para alcanzar o status necesario para a integración, valoración e respecto da muller. Esta importancia a condición de nai dentro da comunidade xitana ten un impacto esencial no caso das mulleres xitanas encarceradas, sobre todo, porque o numero de fillos por muller no seu caso é superior ó da sociedade en xeral, e tamén porque a presenza das nais presas xitanas nos departamentos de nais é moi alta, nun porcentaxe aínda mais sobre representado que nos demais módulos xerais de mulleres.

As nais presas non se plantearon a maternidade como unha opción.

A maioría das veces son nais por primeira vez a idades moi cedo, e frecuentemente non son embarazos planificados.

As consecuencias da separación entre nais e os seus fillos fanse aínda mais duras cando, moitas veces, a responsabilidade do mantemento económico e de coidados destes fillos é exclusiva delas, e supón un factor determinante de exclusión social que arrastrounas a comisión delitiva como único recurso de obter o mínimo vital para garantir a subsistencia familiar.

Tamén é o caso das mulleres presas estranxeiras que cometen un delito contra a saúde pública, “mulas”. Estas mulleres son o último eslabón de grandes organizacións internacionais das que non forman parte para beneficiarse senón só para sufrir as consecuencias penais e que son apresadas nos aeroportos transportando pequenas cantidades de droga no seu equipaxe e non poucas veces dentro do seu propio corpo.

No estado do benestar español esta moi arraigado o modelo do varón sustentador do fogar e a muller a función de coidadora e reprodutora. Isto a pesar da aparición de novas dinámicas sociais e económicas que poñen en cuestión algúns dos pilares nos que se apoia este modelo. Polo tanto, non sorprende a situación de especial vulnerabilidade económica destas mulleres cando son nais, nais soas e con escasa presenza no mercado laboral formal.

Por outro lado está a condición de maternidade e drogas: a condición de toxicómana inhabilita automaticamente a estas mulleres como nais. Esta identificación, drogadicta = mala nai, é asumida sen dúbida por todas as nais presas, pero que ademais é o discurso unánime entre os axentes que deben axudalas, e sen embargo, invocan a súa condición de drogo dependentes para invalidar e restar calquera tipo de credibilidade ou fundamento as posibles reclamacións destas mulleres sobre a súa maternidade.

MATERNIDADE DAS PRESAS NO TRATAMENTO E RÉXIME PENITENCIARIO.

A causa máis frecuente do ingreso dun neno nun centro penitenciario é que a súa nai de a luz estando en prisión. As dificultades de combinar a vida dos seus fillos co réxime penitenciario, fai que as mulleres se encerren cos seus fillos, para protexelos e evitarlles os efectos negativos da vida en prisión. Chama a atención que o mesmo tempo que estas mulleres se encerran cos seus fillos dentro do seu propio encerro, teñen a percepción de ser unhas privilexiadas respecto do resto das mulleres presas.

No ano 2005 existían 10 unidades de nais repartidas por todo o territorio español, hoxe só 3 unidades de nais. Si é certo o descenso de mulleres presas que conviven cos seus fillos nos centros penitenciarios, aínda así non é dabondo. Por outro lado a escaseza de unidades de nais produce unha concentración de nais e fillos en poucos centros que provoca un maior desarraigo familiar. Ademais, as unidades de nais dependentes, exixen o cumprimento de condicións por parte das nais que as veces resultan imposibles, por un lado, a clasificación

penitenciaria, pero por outro, o perfil necesario que debe cumprir unha muller para estar nunha unidade dependente. E aínda así, para as ocasións nas que as nais presas poden cumprir parte da condena en unidades dependente, aqueles lugares non sempre cobren as expectativas e desexos de coidado de familia que teñen as mulleres no cumprimento do rol de nais e coidadoras. Como viamos o comezo deste texto co artigo que se reproduce, co escaso ou nulo apoio a maternidade, o feito que un número importante destas mulleres sexan familias monoparentais, os recursos de apoio das unidades de nais preséntanse como a única maneira de sobrevivir.

CONSECUENCIAS DA VIDA DA NAI E DOS FILLOS DENTRO DA CADEA.

Dificultades engadidas para as mulleres que non teñen familiares preto: pensemos no caso de mulleres presas galegas e por suposto, no caso, das mulleres presas estranxeiras, con nulo apoio familiar fora do centro penitenciario. Este alonxamento ou, directamente, a inexistencia de apoio familiar fora implica:

- A imposibilidade de saídas de fins de semana dos menores de prisión; estas saídas dependen exclusivamente, nestes casos, de voluntarios e ONG.
- As cadeas de mulleres e os módulos de mulleres nas macro cadeas ofrecen menos posibilidades de traballo remunerado para as mulleres. As explicacións son recorrentes: a escasa oferta, ante esa escaseza, a necesidade de priorizar a dispoñibilidade nos lugares de cadea con mellor loxística para o desenvolvemento da actividade laboral. Estas razóns teñen moito que ver a situación de mera anécdota das mulleres na cadea, as mulleres son os “anexos” no mundo penitenciario o que lles supón unha dobre condena, á de privación de liberdade engadimos a de dificultade por non dicir imposibilidade de acceder, o limitado dos recursos dispoñibles. Esta falta de recursos económicos aumenta a situación de desvantaxe económica e social, sobre todo a hora de preparar a súa saída fora da cadea, tendo que facerse cargo dos seus fillos e delas mesmas.

Existen moi poucos estudos sobre o impacto nos menores da vida na cadea cas súas nais e con outras mulleres e nenos na mesma condición. No debate sobre a pervivencia deste réxime de menores convivente nas cadeas cas súas nais,

enfróntanse, entre outras, a teoría do apego, a solidez e estabilidade do vínculo entre nai e fillo, ca teoría sobre os efectos da institucionalización dos menores.

Unha importante porcentaxe das nais presas, sen embargo, pensan que a personalidade do neno xa ten a súa propia personalidade o nacer pola contra das que pensan que o entorno ten mais peso sobre o desenrolo da personalidade. Tamén é preciso engadir que a idea sobre a influencia do entorno vai da man da formación educativa da nai, a maior nivel formativo, maior crenza no peso do medio. Na poboación presa xeral, e en particular na poboación presa feminina, están sobre representadas as clases sociais mais desfavorecidas, con mais baixo nivel educativo, nula experiencia laboral no mercado de traballo formal, maior índice de pobreza e exclusión social o que leva a que non pensen na importancia da influencia do entorno e pese mais o apego, sobre todo cando ese neno non dispón doutra opción que a súa propia nai presa.

Dito isto, o certo é que xeralmente, no caso de mulleres e fillos que conviviron xuntos na cadea, as súas relacións melloran o saír fora do réxime penitenciario, mellora que non acontece nos supostos de nais con fillos e fillas fora da cadea cando a nai recupera a súa liberdade pola rotura de vínculo existente.

As mulleres presas son nais teñan ou non os fillos consigo na cadea, pero precisamente o feito de non poder exercer como nai debido a separación que implica a pena privativa de liberdade, privalles ademais de levar a cabo a función por excelencia de identidade feminina: senten que o non poder estar cos seus fillos, cumprir ca función de nais, de boas nais, son mulleres incompletas.

O debate non é pacífico e a solución é única: as mulleres nais deben estar cos seus fillos fora dun centro penitenciario, os nenos e nenas non deben vivir nunha cadea. Si se separa os fillos e fillas da súas nais a única solución institucional e a actual, a acollida: acollida en familia extensa, acollida en familia allea, ou adopción. Calquera das opcións é un castigo engadido para as mulleres que por ter cometido un delito non pode levar aparellado a inhabilitación para a función maternal.

CONSECUENCIAS DA SEPARACIÓN NAI-FILLO.

O modelo do estado do benestar español esta articulado en torno a existencia da familia como principal elemento do soporte social. Cando se percibe a familia como principal elemento de protección e cohesión social, estase pensando nos membros da familia que desenrolan todas as tarefas de soporte necesarias para a supervivencia. Sen embargo, aínda que se nomee as familias, quen esta detrás son fundamentalmente as mulleres.

Os efectos nas redes familiares son diferentes si se trata dunha muller ou dun home quen entra na cadea; a familia permanece de principal soporte aos homes mentres estes compren a pena privativa de liberdade. Son as mulleres quen se fan cargo dos fillos, do mantemento económico de toda a familia, incluído non poucas veces, o sustento para gastos persoais do home preso e, por suposto, das visitas regulares o pai ou fillo preso.

Pero cando son as mulleres as que entran no centro penitenciario o soporte familiar reséntese. Os maridos, os noivos, os compañeiros rara vez agardan e acompañan as súas mulleres durante toda a pena privativa de liberdade. Tamén son moi poucas as ocasións nas que estes pais se fan cargo en exclusiva dos fillos e fillas dependentes. As mulleres presas poucas veces poden falar de que conserven todo ese apoio familiar e as poucas ocasións no que acontece, case sempre se repiten as figuras femininas da rede social, por encima de todas elas, as súas propias nais. Non estraña que cando as propias mulleres presas non poden responsabilizarse dos seus fillos son as súas nais, sogras ou irmás quen asumen o coidado e mantemento dos netos ou sobriños.

Para as mulleres presas, as angustias da responsabilidade de nai durante o encerro fai mais penosa a súa estancia, maiores niveis de ansiedade, maior nivel de conflictividade verbal cos funcionarios, maior nivel de conflitos e sancións entre funcionarios e presas e maior nivel de medicación.

A separación dos fillos está considerado un dos efectos mais daniños da pena privativa de liberdade. Nalgúns casos esta separación forzosa entre nais e fillos pode chegar a converterse en definitiva aínda que non fora a intención perseguida nin polos axentes involucrados, nin pola propia lexislación. Por iso, para evitar ese distanciamento, un papel importante o cumpre o réxime de visitas previstas na lexislación penitenciaria. O tipo de visitas, a súa frecuencia, nas circunstancias que se dan ten unha incidencia fundamental no mantemento destas relacións nai e fillos. Sen embargo, algunhas mulleres non queren que os

fillos as visiten na cadea, prefiren a dor de non velos a que os nenos as vexan, saiban e entendan que fixo e porque súa nai esta alí. O pouco de saír da cadea, as mulleres comezan a ter unha visión mais realista das dificultades de recuperar os vínculos cos seus fillos: cando saen as nais enfróntanse as desigualdades de xénero imperantes na sociedade: non perciben soporte para facerse cargo do coidado e mantemento dos fillos, agardase que o fagan de maneira inmediata, a reunificación é difícil de conseguir, dependendo do tempo de afastamento, e no caso dos nenos acollidos en familias ou baixo a tutela institucional, a muller ten que demostrar ademais que esta en condicións de facerse cargo do seu fillo.

Non esquezamos que un dos efectos da pena privativa de liberdade é a perda de competencias que melloren a autonomía e a responsabilidade persoal das persoas. O réxime penitenciario, onde cada momento da vida esta ordenado e dirixido anula estas capacidades nas persoas presas. En cambio, a responsabilidade e a autonomía son competencias clave para el futuro desenrolo das súas responsabilidades como nais e pais cando saian da cadea. As persoas presas vense sometidos a verdadeiros procesos de infantilización, onde premiase a submisión incondicional á normal, a pasividade e a ausencia de iniciativa propia. Esa infantilización, en particular, no caso das mulleres, dificulta que unha vez saian poidan facerse cargo dos seus fillos e das responsabilidades afectivas e económicas que ese cargo supono.

A situación para as mulleres estranxeiras resulta dobremente difícil. A separación, a soidade, falta de vínculos directos ca familia e entorno social, o racismo e a discriminación actúan como factores que dificultan a vida intra e extrapenitenciaria. É importante engadir que as mulleres presas estranxeiras non reciben visitas nin apoios económicos, sendo habitual que teñan menos posibilidades de lograr acceder o réxime aberto, desfrutar de permisos ou saídas, xa que dous dos requisitos son o arraigo familiar e opcións ou ofertas laborais.

En todos os sistemas penais europeos danse dous datos constantes en relación ca poboación estranxeira: aplicáselles mais prisión preventiva que a poboación nacional e, aplícanse menos medidas penais alternativas. O que marca a diferenza, sen embargo, a hora de explicar estas tendencias non son as variables de perfil criminolóxico nin persoal, senón as variables legais asociadas a condición de estranxeiro e as variables sociais propias da falta de dispoñibilidade de medios propios ou de apoio externo. O desarraigo social e a ausencia de pertenzas identitarias acompañan as mulleres estranxeiras nas súas vidas intrapenitenciarias, o que se engade, que unha vez recuperada a liberdade, o medo a ser deportadas o país de procedencia.

A modo de conclusión podemos afirmar que a maternidade é unha construción sociocultural que leva as nais presas a mirarse dende un prisma negativo, o sentir que non cumpriron cas responsabilidades que implica o rol de nai. A existencia dun conxunto de significados naturalizados socialmente provoca discriminación xenérica para quen non os cumpre, enfrontando unha sanción estigmatizadora que as identifica co modelo de mala nai. Esta representación e unha asignación imaxinaria/simbólica que busca identificar o feminino co maternal e que absorbe como un todo a vida das mulleres. De aí comprendese por qué a maternidade é un factor que complexiza a vida das mulleres presas, pois a internalización desta imaxe materna implica asumir estereotipos negativos por ter desatendidos as súas obrigas.

Neste aspecto, os poucos estudos académicos que existen e que comezan a aumentar moi discretamente, evidencia ata que punto as institucións penitenciarias reforzan os estereotipos de xénero que operan como mecanismo de control para disciplinar en torno a homoxeneidade e domesticidade feminina. Xustamente, a criminoloxía feminista cuestionou estas dinámicas porque empeoran a cotiánidade carceraria das mulleres, especialmente das que son nais; ademais, porque reproducen patróns de subordinación desde principios androcentricos, que imposibilitan a reflexividade das propias mulleres a un mellor vivir, sexa no seu presente como no seu futuro, sexa como mulleres ou como nais.

É preciso procurar un dialogo que permita explorar, analizar e xenerar evidencias sobre os múltiples matices, especificidades, cambios e continuidades do complexo enramado no cal se ven envoltas as identidades, corpos e emocións das mulleres, sobre todo, daquelas, que por diferentes motivos, tomaron rutas fora da normatividade de xénero e que as levou a ser sancionadas, estereotipadas e estigmatizadas, antes, durante e despois do paso pola cadea.

En la cárcel te miran mal si eres madre, las propias mujeres y los funcionarios, te hacen sentir que eres mala y que te mereces el castigo. La mayoría somos madres, unas dicen que están aquí por los hijos, otras dicen que robaron por ellos, otras que trajeron drogas porque sus hijos no tenían que comer, y bueno están las que solo se drogaban y no quieren hablar de ellos porque quedan mal. La culpa es igual para todas. A veces los funcionarios ocupan eso y te hacen sentir peor

(Loreto, 29 años, Arxentina).

La cárcel es lo peor que te puede pasar si tienes hijos, ser madre y estar en la cárcel es una doble condena. Yo sabía que mi hijo sentía lástima de mí, porque sabía que era drogadicta, pero lo que más me daba impotencia era saber que la gente le decía que yo era mala con él, que nunca iba a hacer como las otras madres

(Lupe, 33 años, Brasil).